



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 16/2.017

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE ORDES, A CORUÑA, O DIA VINTE E SETE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a vinte e sete de abril de dous mil dezasete.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, reúnese en sesión extraordinaria en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local do Concello de Ordes, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros:

- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.

Non asiste:

- D^a. ANA M^a SONEIRA LIÑARES.

Asiste o Sr. Secretario do Concello D. Juan Luis González Iglesias, que da fe do acto.

Aberta a sesión e declarada non pública pola Presidencia ás quince horas previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar ós demais membros da Xunta de Goberno Local se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria, celebrada o día 20 de abril do ano en curso, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo elo ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Non producíndose ningunha observación, a acta da sesión extraordinaria, de data 20 de abril de 2.017, foi aprobada por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal de membros desta Xunta de Goberno Local.

PUNTO SEGUNDO: XESTIÓN PADRÓN TRIBUTARIO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO.

Solicitude presentada por **J.B.B.**, con DNI nº 00000000, con domicilio a efectos de notificacións en XXXXX, de modificación da cota tributaria da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, domicilio tributario rúa Nova, 34, baixo, Ordes, referencia: 12000087.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Visto o informe de comprobación da clausura e sen actividade do local en domicilio tributario rúa Nova, 34, baixo, Ordes.

Visto o establecido no art. 5 (cota tributaria) da ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Proceder á modificación, **con efectos de 01/04/2017**, da cota tributaria da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, en domicilio tributario rúa Nova, 34, baixo, Ordes, referencia: 12000087, aplicándose as tarifas vixentes a 01/01/2017, **Epígrafe 16. Baixos desocupados. Importe (recollida urbana).**

PUNTO TERCEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, PADRÓNS TRIBUTARIOS TAXAS MUNICIPAIS, EXERCIZO 2.017.

Dada conta da elaboración pola Tesourería municipal do padrón tributario da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e por reserva na vía pública para aparcamento exclusivo, correspondente o ano 2.016, que se pon sobre a mesa para o seu exame previo e aprobación, se procede.

Visto o disposto nos arts. 12 e 26.2 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Visto o disposto no art. 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Padrón Tributario da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e por reserva na vía pública para aparcamento exclusivo, correspondente ó ano 2.017, por importe de **EUROS CORENTA E OITO MIL DOUSCENTOS CON TRES (48.200,03 €)**.

2º.- Fixar o período de cobro en voluntaria desde o 15 de setembro ó 20 de novembro de 2.017.

3º.- Publicar o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia, abríndose un trámite de información pública, por prazo de quince días, para os efectos de presentación de reclamacións por todos aqueles interesados que figuren no mesmo como suxeitos pasivos.

Dada conta da elaboración pola Tesourería Municipal do padrón tributario da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo correspondente o ano 2.017, que se pon sobre a mesa para o seu exame previo e aprobación, se procede.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Visto o disposto nos arts. 12 e 26.2 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Padrón Tributario do da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, correspondente a 2.017, por importe de **EUROS CENTO CATORCE MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E CINCO CON SESENTA (114.555,60 €)**.

2º.- Fixar o período de cobro en voluntaria desde o 15 de setembro ó 20 de novembro de 2.017.

3º.- Publicar o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia, abríndose un trámite de información pública, por prazo de quince días, para os efectos de presentación de reclamacións por todos aqueles interesados que figuren no mesmo como suxeitos pasivos.

PUNTO CUARTO: UTILIZACIÓN DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO.

Expediente instruído a instancia de **IMPERMEABILIZACIONES JUANMA, S.L.**, con CIF nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións XXXXX, solicitando autorización para proceder en solo urbano á instalación de estada paralela á vía pública para a execución de obras de conservación da fachada dun edificio de vivendas existente (B+3+BC), en rúa Recreo, 68, Ordes (DP 5903 Ordes a Portomouro por Puentechonia, pq 0+500) (**Expdte. 316/2.016 – SIGEM 2.016/V011/000047**).

Visto o informe favorable emitido pola policía local.

Vista resolución, de data 24/04/2017, do Presidente da Deputación Provincial, autorizando a instalación da estada, licenza nº 13116/2017.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal de membros do mesmo, adoptou o seguinte acordo:

I.- Autorizar a instalación dunha estada paralela á vía pública para obras de conservación da fachada dun edificio de vivendas existente (B+3+BC), en rúa Recreo, 68, Ordes (DP 5903 Ordes a Portomouro por Puentechonia, pq 0+500), por prazo de **UN MES**, con arranxo as condicións xerais seguintes:

- A estada instalarse na zona de estacionamento de vehículos, non podendo ocuparse en ningún caso o carril de circulación.
- A instalación da estada realizarase baixo a dirección facultativa de técnico competente de forma que permita a libre circulación de persoas pola beirarrúa habilitando un paso paralelo a estada debidamente sinalizado e protexido para evitar os danos aos peóns que non será inferior aos 90 cm.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

- Instalaranse os sinais de precaución axeitados, modelo P-18 (obras), en ambos dous sentidos de circulación da vía.
- Instalarase unha vaia en toda a zona ocupada pola estada.
- Adoptaranse as medidas de seguridade e saúde necesarias.
- Repararanse e reporanse os danos ocasionados na vía pública pola instalación.
- Rematada a montaxe da estada presentarase certificado final de seguridade e estabilidade da instalación, asinado polo técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente, referido tanto á obra como ó que afecte á instalación, ós viandantes e ás cousas. Este certificado deberá presentarse dentro do prazo dos 2 días seguintes á terminación da súa montaxe. Este requisito condiciona a eficacia da licenza concedida e impide, en consecuencia, a posta en uso da estada mentres non se presente ante a administración e esta o acepte.

II.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor as taxas e dereitos que corresponde satisfacer pola autorización de ocupación do dominio público outorgada, dos que o ingreso nas arcas municipais será requisito imprescindible para a efectividade da autorización que se concede.

III.- Notifíquese o presente acordo á interesada, así como os recursos que poida interpoñer contra este.

Solicitude presentada por **MOTOCLUB AMEIXENDA**, con CIF nº 00000000, con domicilio a efectos de notificacións en XXXXX, de autorización de colocación nas vías de titularidade municipal dun cartel/panel informativo da proba de Supercross a nivel autonómico, 17/05/2017.

Visto o disposto nos arts. 75.2, 77 e 78 do R.D. 1372/1986, de 13 de xuño.

Vista a finalidade perseguida coa utilización do dominio público municipal, así como os seus destinatarios.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Autorizar ao **MOTOCLUB AMEIXENDA**, con CIF nº 00000000, a colocación nas vías de titularidade municipal dun cartel/panel informativo da proba de Supercross a nivel autonómico, 17/05/2017:

- Datas de colocación:
 - 02/05/2017 a 17/05/2017.
- A autorización é única e exclusivamente para a finalidade concedida, a realización de calquera outro tipo de actividades requirirá a previa autorización do Concello.
- Non esta permitida a fixación directa de carteis sobre o mobiliario urbano municipal, senón que deberán ser utilizados soportes exteriores (tablillas, banderolas, ...etc.).



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

- Non afectará a utilización do mobiliario urbano municipal para a prestación dos servizos municipais.
- A autorización supón unha mera tolerancia esencialmente revogable por esta entidade local en calquera momento, sen que exista dereito a indemnización.
- O autorizado asume a responsabilidade de mantemento do mobiliario urbano municipal, así como indemnización de calquera dano ou desperfecto que se lle ocasione.
- Ao día seguinte de remate do prazo de autorización deberá procederse á retirada dos elementos publicitarios instalados, quedando expresamente prohibido desgarrar, arrancar e arroxar á vía pública os carteis e anuncios fixados, cuxa retirada efectuarase pola persoa ou entidades anunciantes, sen que, en caso algún, poidan deixalos abandonados na vía pública.

PUNTO QUINTO: INFORME FAVORABLE, SE PROCEDE, VIABILIDADE DA CELEBRACIÓN DE PROBAS DEPORTIVAS.

Expediente de autorización de carreiras ou marchas ciclistas, informe sobre a viabilidade da celebración da proba deportiva “**IV MARCHA BTT DA TROITA**”, o 21 de maio de 2017 (Expdte. C-PD-69/2017), que discorrerá por este termo municipal.

Visto o disposto nos arts. 64 e 75.b do Real Decreto 2816/1982, de 27 de agosto e art. 2.2.a do Anexo II, Sección 1ª do R. D. 1428/2003, de 21 de novembro.

Vista a memoria da actividade a realizar.

Vistas as estradas deste municipio polas que discorrera a carreira.

Visto o informe favorable emitido pola policía local.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Informar favorablemente a viabilidade da celebración da proba deportiva “**IV MARCHA BTT DA TROITA**”, o 21 de maio de 2017 (Expdte. C-PD-69/2017), que discorrerá por este termo municipal, coa observación seguinte:

2º.- Remitir copia deste informe á Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

PUNTO SEXTO: CONCESIÓN, SE PROCEDE, SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

Solicitud presentada pola **CLUB HOCKEY SOBRE PATINES, A.C. ORDES**, con CIF nº 00000000, con domicilio a efectos de notificacións XXXXX, de concesión dunha axuda económica para sufragar os gastos de participación no Campionato de España de Hockei sobre



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Patíns, categoría xuvenil, do 4 ao 7 de maio de 2017.

Considerando que corresponde aos Concellos entre outras competencias en materia de deportes, o fomento do deporte en xeral, e en particular o fomento e apoio das asociacións deportivas.

Visto que solo oito equipos de toda España son os que van a participar no Campeonato de España de Hockei sobre Patíns, categoría xuvenil.

Visto o disposto nos arts. 6, 8, 10 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño e artigos concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Visto que existen razóns de interese público que xustifican a concesión directa da axuda.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Conceder á **CLUB HOCKEY SOBRE PATINES, A.C. ORDES**, con CIF nº 00000000, con cargo á partida **340.480.00** do vixente orzamento municipal, unha axuda económica por importe de **1.500,00 euros**, para a participación no Campionato de España de Hockei sobre Patíns, categoría xuvenil, do 4 ao 7 de maio de 2017:

2.- O beneficiario da axuda concedida ven obrigado a:

- Xustificar na súa totalidade o gasto subvencionado.
- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio da actuación anterior.

3.- O pago da axuda concedida está condicionada á presentación, antes do 30 de setembro do 2017, da documentación seguinte:

- Documentación xustificativa do gasto realizado.
- Acreditación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coas administracións públicas.
- Declaración que inclúa unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

A antedita declaración deberá recoller tanto as axudas aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como de organismos privados, de carácter nacional ou internacional.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

PUNTO SÉTIMO: COMUNICACIÓNS PREVIAS, LICENZAS URBANÍSTICAS.

Expediente promovido a instancia de **J.R.C.R.**, con DNI nº 00000000, con domicilio a efectos de notificacións en XXXXX, solicitando unha prórroga da licenza urbanística concedida por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 28/07/2011, para a execución de obras en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME), de construción dun edificio de vivendas (S+B+4+BC), en rúa Alfonso Senra, 125, Ordes (N550, pk 36,575, marxe esquerda), con arranxo ao proxecto básico realizado polo director das obras Francisco José Vázquez González, arquitecto, cun orzamento de execución material de **euros 429.640,00 (Expdte. 13/2.011 – SIGEM 2.011/008/000007)**.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal pola conformidade das obras coa lexislación urbanística aplicable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

I.- Conceder unha prórroga da licenza urbanística concedida por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 28/07/2011, para á execución en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME), de obras de construción dun edificio de vivendas (S+B+4+BC), en rúa Alfonso Senra, 125, Ordes (N550, pk 36,575, marxe esquerda), **(Expdte. 13/2.011 – SIGEM 2.011/008/000007)**.

II.- As obras deberán rematar no prazo de **tres anos**, contados a partir da data da notificación do outorgamento desta prórroga.

III.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor as taxas e dereitos que corresponde satisfacer pola prórroga outorgada, dos que o ingreso nas arcas municipais será requisito imprescindible para a efectividade da licenza que se concede.

IV.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, así como os recursos que poida interpoñer contra este.

Expediente instruído a instancia de **UNIÓN DISTRIBUIDORES ELECTRICIDAD, S.A.**, con CIF nº A15021587, con enderezo a efectos de notificacións XXXXX, solicitando licenza municipal en solo urbano para obras de construción de nave industrial para almacén de material eléctrico no parque empresarial de Merelle, parcela 81, Ordes [finca referencia catastral 9017857NH4791N0001MD], segundo o proxecto técnico redactado polo director das obras Víctor Lojo Paz, enxeñeiro técnico industrial, cun orzamento de execución material de **139.318,84 euros (Expdte. 29/2.017 – 2.017/U022/000003)**.

Visto o acordo da Agencia Estatal de Seguridad Aérea, de data 12/04/2017, en materia de servidumes aeronáuticas, expdte. N17-0095.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal pola conformidade das obras coa lexislación urbanística aplicable.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Visto o informe de Secretaría.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal de membros do mesmo, adoptou o seguinte acordo:

I.- Conceder licenza urbanística para as obras de edificación solicitadas axustada ás seguintes condicións xerais:

1º.- As obras axustaranse ó proxecto técnico presentado, que ten o carácter de documento público, calquera modificación ou cambio de uso, ou destino das obras, requirirá unha nova licenza, dándose por suposto que son certos e exactos os datos aportados polo solicitante, sendo o seu cargo os danos e prexuízos que poida orixinarlle a súa inexactitude.

2º.- A licenza concédese agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

3º.- Na execución das obras observaranse ós seguintes parámetros urbanísticos:

- Edificabilidade máxima: 628,30 m².
- Recuado fondo: > 3,00 m.
- Recuado a lindeiros: 3,00 m.
- Altura: 10,00 m.
- Altura máxima cerramento: 0,80 m/2,00 m/2,50 m.
- Recuado vía: 5,00 m.

4º.- As obras deberán comezar no prazo de **Tres** meses, e rematarán no de **Tres** anos, contados a partir da data da notificación do outorgamento da licenza, podendo concederse unha prórroga dos referidos prazos se as circunstancias o xustifican, que deberá solicitarse antes da súa finalización.

5º.- Deberá dispor ó pé da obra de copia autorizada da licenza e procederse a colocación dun cartel indicador no que se farán constar os elementos que se enumeran no art. 357.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro (DOG nº 213, de data 09/11/2016). O incumprimento deste deber pode dar lugar a iniciación do correspondente procedemento sancionador.

III.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor as taxas e dereitos que corresponde satisfacer pola licenza outorgada, dos que o ingreso nas arcas municipais será requisito imprescindible para a efectividade da licenza que se concede.

IV.- Notifíquese o presente acordo á interesada, así como os recursos que poida interpoñer contra este.

Expediente instruído a instancia de **UNIÓN DISTRIBUIDORES ELECTRICIDAD, S.A.**, con CIF nº A15021587, con enderezo a efectos de notificacións rúa XXXXX, de



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

comunicación previa de inicio en solo urbano, de instalación e posta en funcionamento de actividade: **ALMACÉN DE MATERIAL ELÉCTRICO**, en parque empresarial de Merelle, 81, Ordes (referencia catastral 9017857NH4791N0001MD), segundo proxecto técnico de actividade redactado por Víctor Lojo Paz, enxeñeiro técnico industrial (**Expdte. 30/2.017 - SIGEM 2.017/U019/0002**).

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de verificación da comunicación previa e comprobación da adecuación da actividade e das obras á lexislación medioambiental e urbanística aplicable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

I.- A actividade: **ALMACÉN DE MATERIAL ELÉCTRICO**, cumpre os requisitos para o seu exercicio.

II.- Deberán observarse as seguintes medidas correctoras e protectoras para acadar unha maior protección do medio ambiente:

- As relativas á protección contra incendios, á protección contra a contaminación acústica e á instalación eléctrica.
- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da actividade deberán ser entregados a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

III.- **Ao ter finalizada a obra, presentarase comunicación previa para o inicio das actividades, xunto coa documentación seguinte:**

- **Certificación de fin de obra, na que de forma expresa deberá indicarse que os materiais proxectados relativos ao illamento acústico foron efectivamente instalados.**
- **Medición acústica realizada por empresa homologada do illamento acústico de cada unha actividades, así como do establecido no art. 12 do Decreto 106/2016, de 9 de xullo.**

IV.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor o ICIO que corresponde satisfacer polo acto do uso do solo comunicado.

V.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

Expediente instruído a instancia de **FONTE ESTREI, C.B.**, con CIF nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións en XXXXX, de comunicación previa de inicio en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME), de instalación, apertura e posta en funcionamento de actividade de servizos: **LAVADO, LIMPEZA E**



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

ASPIRADO DE COCHES, en Lg. Fonte Estrei, 26, baixo, Ordes (referencia catastral 8605917NH4780N0001FG), segundo proxecto técnico de actividade redactado por Santiago Boo Moar, arquitecto técnico (**Expdte. 84/2.017 - SIGEM 2.017/U019/00013**).

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de verificación da comunicación previa e comprobación da adecuación da actividade e das obras á lexislación medioambiental e urbanística aplicable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

I.- A actividade de servizos: **LAVADO, LIMPEZA E ASPIRADO DE COCHES**, cumpre os requisitos para o seu exercicio.

II.- Deberán observarse as seguintes medidas correctoras e protectoras para acadar unha maior protección do medio ambiente:

- As relativas á protección contra incendios, á protección contra a contaminación acústica e á instalación eléctrica.
- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da actividade deberán ser entregados a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

III.- Notifíquese o presente acordo á interesada, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

Expediente instruído a instancia de **J.M.R.V.**, con DNI nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións en XXXXX, de comunicación previa de inicio en solo rústico de protección ordinaria (solo non urbanizable común, NU), de obras de **construción de cerramento parcial de parcela do lindeiro sur-este (42,41 ml)**, en Lg. Pedre, Mercurín, Ordes (finca catastral 15060A806005720000MJ), segundo memoria valorada das obras realizada por Jesús Reboredo Mosquera, enxeñeiro técnico agrícola, cun orzamento de execución material de **euros 447,23 (Expdte. 87/2.017 – SIGEM 2.017/U026/000029)**.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de verificación da comunicación previa e da adecuación das obras á lexislación urbanística aplicable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal de membros da mesma, adoptou o seguinte acordo:

I.- O acto de uso do solo: **construción de cerramento parcial de parcela do lindeiro sur-este (42,41 ml)**, adecúase ao ordenamento urbanístico vixente aplicable, podendo iniciarse as obras.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Parámetros urbanísticos:

- Separación de columnas fronte: > 2,00 m.
- Altura total lindeiros: 1,90 m.
- Altura basamento macizo lindeiros: diáfano.

Condições urbanísticas:

- O prazo para o inicio e final das obras non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente. Os prazos indicados poderán prorrogase pola metade do prazo establecido anteriormente se o interesado o comunica antes de ter transcorrido os referidos prazos.
- Transcorridos os prazos indicados anteriormente para iniciar ou finalizar as obras, sen que teñan sido iniciadas ou finalizadas, o interesado queda inhabilitado para empezalas o continuálas, quedando a comunicación previa sen efecto.
- Ao pe das obras deberá figurar copia selada da comunicación previa

II.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor o ICIO que corresponde satisfacer polo acto do uso do solo comunicado.

III.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

Expediente instruído a instancia de **J.A.C.R.**, con DNI nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Mediodía, 5, 1º, Ordes, de comunicación previa de inicio en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME), de obras de **conservación: reparación da cuberta, substitución de ganchos de suxeición de materia de cubrición, e limpeza de canalóns dun edificio de vivendas existente (B+3+BC)**, en rúa Mediodía, 5, Ordes (finca catastral 819560NH4689S0010MH), cun orzamento de execución material de **euros 3.993,00 (Expdte. 114/2.017 – SIGEM 2.017/U026/000044)**.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de verificación da comunicación previa e da adecuación das obras á lexislación urbanística aplicable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal de membros da mesma, adoptou o seguinte acordo:

I.- O acto de uso do solo, obras de **conservación: reparación da cuberta, substitución de ganchos de suxeición de materia de cubrición, e limpeza de canalóns dun edificio de vivendas existente (B+3+BC)**, adecúase ao ordenamento urbanístico vixente aplicable, podendo iniciarse as obras.

Condições urbanísticas:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

- O prazo para o inicio e final das obras non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente. Os prazos indicados poderán prorrogase pola metade do prazo establecido anteriormente se o interesado o comunica antes de ter transcorrido os referidos prazos.
- Transcorridos os prazos indicados anteriormente para iniciar ou finalizar as obras, sen que teñan sido iniciadas ou finalizadas, o interesado queda inhabilitado para empezalas o continuálas, quedando a comunicación previa sen efecto.
- Ao pe das obras deberá figurar copia selada da comunicación previa

II.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor o ICIO que corresponde satisfacer polo acto do uso do solo comunicado.

III.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

Expediente instruído a instancia de **M.L.D.**, con DNI nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións en XXXXX, de comunicación previa de inicio en solo rústico de protección ordinaria (solo non urbanizable común, NU), de obras de **construción de cerramento parcial de parcela do lindeiro lateral posterior dereito (55,68 ml)**, en Lg. Fraga da Galiña, 23, Ordes (finca catastral 7582502NH4678S0001SS), segundo memoria valorada das obras realizada por Manuel A. Echeverría Ulargui, arquitecto, cun orzamento de execución material de **euros 1.650,00 (Expdte. 116/2.017 – SIGEM 2.017/U026/000047)**.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de verificación da comunicación previa e da adecuación das obras á lexislación urbanística aplicable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal de membros da mesma, adoptou o seguinte acordo:

I.- O acto de uso do solo: **construción de cerramento parcial de parcela do lindeiro lateral posterior dereito (55,68 ml)**, adecúase ao ordenamento urbanístico vixente aplicable, podendo iniciarse as obras.

Parámetros urbanísticos:

- Separación de columnas fronte: > 2,00 m.
- Altura total lindeiros: 2,00 m.
- Altura basamento macizo lindeiros: 0,60 m.
- Recuado a vía pública (Vía tipo IV, 2ª orde): 4,00 m/eixo.

Condições urbanísticas:

- O prazo para o inicio e final das obras non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente. Os prazos indicados poderán prorrogase pola metade do prazo establecido anteriormente se o interesado o comunica antes de ter transcorrido os referidos prazos.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

- Transcorridos os prazos indicados anteriormente para iniciar ou finalizar as obras, sen que teñan sido iniciadas ou finalizadas, o interesado queda inhabilitado para empezasas o continúa-las, quedando a comunicación previa sen efecto.
- Ao pe das obras deberá figurar copia selada da comunicación previa

II.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor o ICIO que corresponde satisfacer polo acto do uso do solo comunicado.

III.- Notifíquese o presente acordo á interesada, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

PUNTO OITAVO: CORRECCIÓN, SE PROCEDE, ERROS MATERIAIS PREGOS DE PRESCRIPCIÓNES TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO SERVIZO DE CONSERXERÍA, MANTEMENTO E LIMPEZA DE EDIFICIOS CULTURAI E DEPORTIVOS DO CONCELLO DE ORDES.

Visto os erros materiais existentes no apartado 4 (Tarefas e frecuencias mínimas servizo de limpeza). Subapartados 4.2 e 4.4.1 dos Pregos de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto, tramitación ordinaria, do servizo de conserxería, mantemento e limpeza de edificios culturais e deportivos do concello de Ordes, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 24/02/2017.

Visto que o procedemento se atopa nunha fase inicial de licitación, trámite de presentación de ofertas.

Visto o disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal de membros da mesma, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Rectificar os erros materiais existentes no apartado 4 (Tarefas e frecuencias mínimas servizo de limpeza). Subapartados 4.2 e 4.4.1 dos Pregos de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto, tramitación ordinaria, do servizo de conserxería, mantemento e limpeza de edificios culturais e deportivos do concello de Ordes.

2.- Dar publicidade a dita rectificación mediante anuncio que se publicará no DOUE, BOE e perfil do contratante.

3.- Abrir un novo prazo de presentación de ofertas axustado ao establecido no art. 159 do R.D. Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

PUNTO NOVENO: EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO, CON PUBLICIDADE, POR RAZÓN DA CONTÍA, DAS OBRAS CORRESPONDENTES AO POS ADICIONAL 1/2016, 1ª FASE.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Celebrada a licitación para a adxudicación por procedemento negociado, das obras correspondentes **POS ADICIONAL 1/2016, 1ª FASE: CAMIÑO BAIXA AO CRUCE PISTA DO MESÓN-BUSCÁS (ARDEMIL)**.

Vista a orde de clasificación das ofertas e proposta da Mesa de Contratación.

Visto o disposto no art. 151 do R.D. Lexislativo 3/2.011, de 14 de novembro e cláusula 16ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xuño de 2.015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Dentro do prazo de **dez días hábiles**, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise este requirimento **SYR-AMG, S.L.**, con CIF nº B15938780, presentará:

- A documentación indicada na cláusula 16ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.a, 61 e 61 bis do TRLCSP.

PUNTO DÉCIMO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO DAS OBRAS “PROLONGACIÓN BEIRARRÚAS RÚA DOS LAGARTOS”.

Expediente de contratación por procedemento negociado, con publicidade, por razón da contía, tramitación ordinaria, das obras **PROLONGACIÓN BEIRARRÚAS RÚA DOS LAGARTOS**, ao darse a circunstancia prevista no art. 171.d e 177.2 Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), ser o seu importe, iva excluído, inferior a 200.000,00 €.

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares, que deben rexer a contratación, e evacuados os informes de Secretaría e Intervención, como obran no expediente.

Visto o disposto nos arts. 138, 169, 171.d, 177.2 e 178.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local, de conformidade coa delegacións de competencias da Alcaldía, decreto de data 7 de xullo de 2.015, e arts. 108, 109 e 110 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a aprobación do prego de



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

cláusulas administrativas particulares e do expediente de contratación, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptouse o seguinte acordo.

1º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a contratación da execución das obras **PROLONGACIÓN BEIRARRÚAS RÚA DOS LAGARTOS**.

2º.- Aprobar o expediente de contratación, aprobar o gasto con cargo á partida **164.609.00** do orzamento municipal vixente, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación, tramitación ordinaria, por procedemento negociado, por razón da contía, da execución das obras:

Denominación	Presuposto de execución por contrata
Prolongación beirarrúas rúa dos Lagartos	115.529,93 € (95.479,28 € prezo + 20.050,65 € iva)

3º.- A selección do contratista realizarase mediante anuncio que se publicará no perfil do contratante do Concello.

4º.- Designar como membros da Mesa de contratación, en calidade de Presidente, Secretario e Vogais, que procederán ó exame das ofertas presentadas, ás seguintes persoas:

Presidente: O Sr. Alcalde-Presidente ou membro da Corporación en quen delegue.

Secretaria: Un funcionario do Concello.

Vogais: - D^a. Ana Soneira Liñares, Concelleira.

- D. Juan Luis González Iglesias, Secretario do Concello.

- D. Javier Siro Rodríguez Sueiro, Interventor do Concello.

PUNTO DÉCIMO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, CERTIFICACIÓN DE OBRAS.

Dada conta polo Sr. Alcalde da presentación polo contratista adxudicatario das obras ó obxecto da súa aprobación por este Concello, da certificación nº 1 de final das obras **“CAMIÑO LAVANDEIRA A COSTA (POULO) E OUTROS”**, correspondentes ao **Plan de Acción Social (PAS) 2015**, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar a certificación nº 1 e final das obras **“CAMIÑO LAVANDEIRA A COSTA (POULO) E OUTROS”**, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p, por importe de **EUROS TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS SETENTA E SEIS CON SESENTA E SEIS (32.876,66)**.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

2º.- Aprobar a factura nº 1-017011, de data 18/04/2017, expedida por **SYR-AMG, S.L.**, con CIF nº B15938780, en concepto de certificación nº 1 e final das obras **“CAMIÑO LAVANDEIRA A COSTA (POULO) E OUTROS”**, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p, por importe de **EUROS TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS SETENTA E SEIS CON SESENTA E SEIS (32.876,66)**.

3º.- Remitir a documentación correspondente á Deputación Provincial, ao obxecto do pago da aportación provincial á financiación das obras.

Dada conta polo Sr. Alcalde da presentación polo contratista adxudicatario das obras ó obxecto da súa aprobación por este Concello, da certificación nº 1 das obras **“ACONDICIONAMENTO ENTORNO ESCOLA MERCURÍN E OUTROS”**, correspondentes ao **Plan de Acción Social (PAS) 2015**, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar a certificación nº 1 das obras **“ACONDICIONAMENTO ENTORNO ESCOLA MERCURÍN E OUTROS”**, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p, por importe de **EUROS TRECE MIL SETECENTOS SESENTA E NOVE CON CORENTA E SEIS (13.769,46)**.

2º.- Aprobar a factura nº 1-017013, de data 18/04/2017, expedida por **SYR-AMG, S.L.**, con CIF nº B15938780, en concepto de certificación nº 1 das obras **“ACONDICIONAMENTO ENTORNO ESCOLA MERCURÍN E OUTROS”**, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p, por importe de **EUROS TRECE MIL SETECENTOS SESENTA E NOVE CON CORENTA E SEIS (13.769,46)**.

3º.- Remitir a documentación correspondente á Deputación Provincial, ao obxecto do pago da aportación provincial á financiación das obras.

Dada conta polo Sr. Alcalde da presentación polo contratista adxudicatario das obras ó obxecto da súa aprobación por este Concello, da certificación nº 1 das obras **“CAMIÑO DE N550 A FOSADO (MONTAOS) E OUTROS”**, correspondentes ao **Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) 2016**, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

1º.- Aprobar a certificación nº 1 das obras “CAMIÑO DE N550 A FOSADO (MONTAOS) E OUTROS”, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p, por importe de **EUROS VINTE E TRES MIL CINCOCENTOS SETENTA E SETE CON SESENTA E DOUS (23.577,62)**.

2º.- Aprobar a factura nº 1-017012, de data 18/04/2017, expedida por **SYR-AMG, S.L.**, con CIF nº B15938780, en concepto de certificación nº 1 das obras “CAMIÑO DE N550 A FOSADO (MONTAOS) E OUTROS”, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p, por importe de **EUROS VINTE E TRES MIL CINCOCENTOS SETENTA E SETE CON SESENTA E DOUS (23.577,62)**.

3º.- Remitir a documentación correspondente á Deputación Provincial, ao obxecto do pago da aportación provincial á financiación das obras.

Dada conta polo Sr. Alcalde da presentación polo contratista adxudicatario das obras ó obxecto da súa aprobación por este Concello, da certificación nº 1 das obras “ACONDICIONAMENTO ENTORNO LOCAL SOCIAL DE POULO E OUTROS”, correspondentes ao **Plan de Acción Social (PAS) 2015**, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar a certificación nº 1 das obras “ACONDICIONAMENTO ENTORNO LOCAL SOCIAL DE POULO E OUTROS”, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p, por importe de **EUROS CINCUENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS VINTE CON DEZ (56.520,10)**.

2º.- Aprobar a factura nº 6, de data 21/04/2017, expedida por **GESTAL Y LÓPEZ, S.L.**, con CIF nº B15464795, en concepto de certificación nº 1 das obras “ACONDICIONAMENTO ENTORNO LOCAL SOCIAL DE POULO E OUTROS”, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p, por importe de **EUROS CINCUENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS VINTE CON DEZ (56.520,10)**.

3º.- Remitir a documentación correspondente á Deputación Provincial, ao obxecto do pago da aportación provincial á financiación das obras.

PUNTO DÉCIMO SEGUNDO: DEVOLUCIÓN, SE PROCEDE, GARANTÍA DEFINITIVA CONTRATO DE OBRAS.

Solicitud formulada por **EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.**, con CIF nº B70093539, de devolución da garantía definitiva constituída para responder da execución das obras “REPARACIÓN RÚA DE CAMPEIRAS, ORDES”, correspondentes ao **Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015**.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Con data 13/05/2015, a empresa **EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.**, con CIF nº B70093539, para responder da execución das obras “**REPARACIÓN RÚA DE CAMPEIRAS, ORDES**”, constituíu unha fianza definitiva por importe de euros **1.924,15**.

Con data 14/01/2016, firmouse a acta de recepción das obras. O prazo de garantía era dun ano, a contar dende a recepción.

Con data 03/02/2017, D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p., director das obras “**REPARACIÓN RÚA DE CAMPEIRAS, ORDES**”, informa que non se aprecian deficiencias que determinen responsabilidades a exercer sobre a garantía definitiva.

Visto o disposto no art. 102 e 235.3 do R.D. Lei 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP).

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Proceder á cancelación do aval bancario nº 08188/00747, constituído como garantía definitiva, por importe de **1.924,15 €**, por **EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L.**, con CIF nº B70093539, para responder da execución das obras “**REPARACIÓN RÚA DE CAMPEIRAS, ORDES**”, correspondentes ao Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015.

PUNTO DÉCIMO TECEIRO: ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, CONTRATO MENOR DE OBRAS.

Expediente de contrato menor de obras.

Visto o disposto nos arts. 6 e 138.3 do R.D. Lei 3/2.011, de 14 de novembro (TRLCSP).

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Adjudicar o contrato menor de obras: “**SUBSTITUCIÓN DE PAVIMENTO EN PISCINA EXTERIOR MUNICIPAL**”, con cargo á partida **342.632.00** do orzamento municipal, a **JARDINCELAS, S.L.**, con CIF nº B15538135, por importe de **EUROS TRINTA E UN MIL CATROCENTOS CINCUENTA E SETE CON OITENTA E UN** (31.457,81) [(25.998,19 prezo) + (5.459,62 iva)].

2.- Nomear como director das obras a D. Oscar Pidre Mosquera, arquitecto.

PUNTO DÉCIMO CUARTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Expediente de **modificación de créditos nº 4T/2017**, transferencia de créditos entre partidas do mesmo grupo de función para a adaptación do vixente orzamento municipal ás necesidades actuais das infraestruturas municipais.

Visto o disposto no art. 181.a do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e arts. 9.2.c, 32, 34.d, 40, 42 e 47 do R. Decreto 500/1990, de 20 de abril e Base 12ª de execución do orzamento municipal correspondente a 2.017 (prorrogado 2.016).

Visto o informe de intervención en sentido favorable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Transferir crédito no orzamento municipal 2.017 (prorrogado 2.016), de acordo co seguinte detalle:

1.
 - a) Partidas de gasto onde os créditos se minoran:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1532.210.00	Pavimentación de vías públicas. Infraestruturas e bens naturais	10.000,00

- b) Partidas de gastos onde os créditos se incrementan:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1532.619.00	Pavimentación de vías públicas. Investimentos en infraestruturas e bens naturais	10.000,00

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo as quince horas e trinta minutos do día ó principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta da que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO